FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES
Rúa Palmeiras, nave 84 - At 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

Unha vez revisado o Plan director da construcción naval a Federación Galega de confrarías realiza as seguintes consideracións

1.- Falta de consideración do sector Pesqueiro nos plans estratéxicos elaborados

O "Plan Estratéxico de Galicia" no que se asentan os Plans Directores Sectoriais, non foi consultado nos órganos de consulta do CES e entendemos que ese documento debería ter sido analizado tamen por este organismo.

Entendemos que esta falta de consideración leva a que se aproveite a iniciativa de alegacións a este Plan director da construcción naval plan para manifestar as nosas inquedanzas e reiterara algúns aspectos xa comentados nas consideracións remitidas ao plan director citado.

2.- Falta de consideración do sector Pesqueiro no Plan da construcción naval

Cando lemos o primeiro parágrafo da Introdución, esbózanse os sectores estratéxicos sinalando expresamente:

"*Coa diversidade de sectores existentes na comunidade, entre os que destacan a industria da automoción, a da construción naval, a do sector metalmecánico, a industria forestal, a agroalimentaria ou a das TIC, Galicia ten unha estrutura industrial que contribúe significativamente ao PIB rexional e á creación de emprego*".

Destacamos, que de todos estes sectores mencionados, o único que non se inclúe como estratéxico para elaborar o seu Plan Director é o agroalimentario. Algo que non se entende, dada a tradición e importancia que vén tendo este sector no ámbito industrial de Galicia.

Manifestamos a nosa sorpresa pola non consideración do sector da pesca e o marisqueo en Galicia como un sector estratéxico e consideramos necesario demandar ao goberno galego unha consideración especial e enmendar este erro .

A non mención ao noso sector nin tan sequera de xeito transversal pon en risco un dos sectores mais importantes en Galicia sobre todo pola seu carácter socioeconómico e a súa importancia de asentamento da poboación nas comunidades pesqueiras en Galicia. A non consideración dos mais de 20.000 postos de traballo directos da pesca e moitos mais de xeito indirectos pon de manifesto unha total falta de sensibilidade e recoñecemento do traballo do sector en Galicia.

As políticas industriais entendidas con carácter exclusivamente empresarial son moi importantes pero a falta de atención aos sectores productivos tradicionais en Galicia, que forman parte da cultura galega, o campo e o mar, o agro e a pesca, merecen unha consideración especial que non poden ser obviadas nas políticas autónomicas.

O esquecemento da importancia social e económica na nosa comunidade de sectores como o que representan as confrarías galegas poden deixar en situación de indefensión ante agresións do tecido industrial na nosa rexión ao noso sector (exemplo a afectación que a instalación de enerxías renovables pode ter no sector Pesqueiro galego).

Asi , se detecta no documento unha clara orientación en prol de destacar o apoio para a implementación das enerxías eólica *offshore* no eido internacional (…*permite xa o desenvolvemento de parques eólicos mariños non limitados pola profundidade do leito oceánico, grazas á enxeñaría naval, aerodinámica e renovable. A diferenza dos parques eólicos tradicionais fixos ao fondo mariño, as turbinas offshore están montadas sobre estruturas flotantes ancoradas ao leito mariño con sistemas de amarre flexibles e robustos*…) o cal se presenta como unha oportunidade para o sector naval que é incuestionable. Sen embargo, dende o sector Pesqueiro galego temos que

interesar que este apoio á industria non pode significar o apoio do goberno á instalación de parques eólicos mariños de xeito indiscriminado e que afecten á actividade pesqueria dos buques galegos. Dende a Federación Galega de Confrarías insistimos que as enerxías alternativas son necesarias e se deben implantar sempre que non afecten a un sector de explotación clave en Galicia como é a pesca e o marisqueo.

A necesidade de crear e conservar postos nun sector en Galicia non vai ser entendida se leva á desaparición doutro sector tanto ou mais importante como o que se quere protexer. Os intereses económicos das empresas non pode primar sobre os intereses socioeconómicos de todo un territorio.

A posta en valor da importancia do sector Pesqueiro e marisqueiro como xerador de negocio e de Emprego (en Galicia hai actualmente 4.156 buques pesqueiros e 1.291 buques adicados á acuicultura e auxiliares (fonte pescadegalicia.gal)) e en todo o documento denominado plan director do naval se obvia esta cifra. A Federación Galega de Confrarías non se pode deixar pasar a oportunidade de esixir a debida protección en aras da continuidade do noso sector e a da forma de vida nos pobos do litoral galegos, polo tanto dende a Federación Galega de Confrarías remitimos estas consideracións para que sexan tidas en conta .

Ames a 14 de xaneiro de 2025

O Presidente,



José Antonio Pérez Sieira

Att. Presidente do CES Galicia